

ARTE DO S.XIX. POSTIMPRESIONISMO

OBRA: XOGADORES DE CARTAS

AUTOR: Paul **CÉZANNE** (1839-1906)


CRONOLOXÍA: 1890-92

ESTILO: Postimpresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 57 cm x 57 cm

LOCALIZACIÓN: Museo de Orsay, París



COMENTARIO

Entre 1890 e 1895 Cézanne pintou cinco lenzos sobre xogadores de cartas, sendo a obra a comentar o máis destacado. Empezou a serie con cinco xogadores, ata quedar reducido o tema a dous. O seu gran obxectivo era o estudo e a recuperación das formas.

Atopámonos ante un tema real e cotián: dous homes xogas ás cartas sentados en lados opostos e compartindo unha mesa presidida por unha botella de viño. É probable que o cadro represente un feito cotiá na vida do artista e na súa vila, Aix-en-Provence, pois as partidas de cartas eran unha actividade corrente entre as clases traballadoras. Os xogadores son persoas reais, campesiños, observados polo pintor na súa localidade. Ao mirar o cadro convertémonos en espectadores da partida. Sábese que o xogador da pipa é o xardiñeiro do pai do artista. Ámbolos dous xogadores están concentrados mirando os seus naipes. O mais vello ten a cabeza ergueita, quizáis porque teña unha mellor man na partida, e o seu rival tan a cabeza máis baixa e o rostro máis serio, como preocupado e tenso. O tratamento das personaxes é antagónico: o da esquerda, máis veterano, está máis seguro de si mesmo, mentres que o rival, é máis novo e forte; as cartas do primeiro destacan pola súa brancura, que pode indicar sabedoría no xogo, mentres que o da dereita leva cartas máis escuras, que poden indicar negatividade. Segundo algunhas interpretacións, o enfrontamento entre os xogadores poden indicar dúas cousas: primeiro, a loita que o artista tivo co seu pai para poder adicarse á pintura; e, por outra banda, as propias contradicións internas do pintor, que se enfronta a si mesmo. Pola luz artificial que incide sobre a botella e a escuridade insinuada detrás da xanela, a partida desenvolveríase a última hora da tarde.

A composición é equilibrada pero algo asimétrica: a botella, co reflexo branco da luz artificial, parece ocupar o centro, pero un pouco desprazada cara á esquerda, e divide o cadro en dúas metades, cada unha ocupada por un home. Detrás, intúese a paisaxe. Na zona central conflúen as mans dos protagonistas, que sosteñen as cartas, e que centran a nosa atención. A presenza incontestable dos xogadores, a súa posición un fronte ao outro, e as súas máns, todo intensifica a sensación de enfrontamento. No lado esquerdo está a personaxe madura da pipa, lixeiramente maior e que aparece completo sentado sobre a cadeira e cun pequeno espazo detrás. No lado dereito, a personaxe nova está incompleta, ofrecendo unha composición aberta. Con dúas diagonais imaxinarias formaríanse catro triángulos, quedando os xogadores en dous deles, a mesa no triángulo inferior, e a xanela no superior. O punto de tensión son as mans e os naipes, onde se cortan ditas diagonais. Os brazos dos xogadores están dobrados en ángulo recto e tamén converxen sobre a mesa.

Os xestos son mínimos, contidos, pero expresivos do enfrontamento: os xogadores están concentrados nas súas cartas, que sosteñen coidadosamente coas súas mans. A mínima expresión xestual e o cromatismo cheo de matices aportan monumentalidade a esta obra. Obsérvase a recuperación da forma mediante a xeometrización: o corpo do xogador maior presenta unha forma cilíndrica rematada en oxiva no pescozo. O brazo tamén é un cilindro, ao igual que a botella. O sombreiro do xogador novo é un tronco de

cono. Fronte aos impresionistas, a preocupación de Cézanne era o volume. O artista simplifica as persoas e os obxectos representados, reducíndoos a formas xeométricas, como farán moi pronto os pintores cubistas. Nas cinco versións realizadas deste tema figurativo, é doado detectar a concepción arquitectónica da composición empregada polo artista, segundo a cal a natureza pódese reducir a simples volumes xeométricos, aludindo así á facilidade que o ollo humano ten para recoñecer mellor ás formas xeométricas. De feito, o xogador da esquerda inscríbese nun cilindro rematado en oxiva, no cal insértase o brazo de forma tamén cilíndrica.

En canto aos elementos plásticos, Cézanne destacaba a prioridade da cor sobre as formas, polo que nesta obra aprézase como as pinceladas breves, finas, superpostas e de diferentes tons, modelan os volumes e os obxectos. Neste cadro, de cores predominantemente cálidas, adquieren gran importancia os contrastes cromáticos, que axudan a intensificar a confrontación existente entre as dúas personaxes: quen xoga cunha pipa na boca viste unha chaqueta de tons marróns e pantalóns amarillentos, mentres o seu contrincante leva os tons á inversa. As cores predominantes son cálidas, destacando a ampla gama de marróns, desde os tons claros area ata os sepías, pasando polos marróns, vermello e alaranxados.

Se o artista comeza introducido por Pissarro traballando na técnica impresionista e *au plein air*, a partir da mostra do ano 1887, decidiu explorar novas formas máis persoais, experimentando coas figuras xeométricas –a esencia dos obxectos para o artista- e co tratamento da cor como elemento definidor das formas. En contraste con Gauguin e Van Gogh, que exploraron as fortes contrastes cromáticas, Cézanne reduxo as compoñentes cromáticas da pintura e enriqueceu o tratamento volumétrico das formas, pois para o artista os cadros eran construcións que se enfrontan coa natureza e nesta todo modélase segundo a esfera, o cono e o cilindro.

Os clásicos foron para Cézanne unha forte inspiración; estudou as obras de Tintoretto, Caravaggio, o Greco, Zurbarán, Ribera, Poussin. Ao mesmo tempo que os románticos e o seu admirado Courbet, aseguraba que o coñecemento da realidade non era produto da mera contemplación, senón da vontade de captala e facela propia do artista.

Cézanne está considerado o antecesor directo do Cubismo, pola súa capacidade de descompoñer as formas en partes diversas e acoplalas de novo como se fosen un quebra cabezas, concepción que foi moi importante para Picasso, polo que foi un precedente da disolución do espazo. Ao mesmo tempo, ao superar a obriga de copiar con precisión as formas e as cores da natureza, empregando cores subxectivas, abriu á Arte a posibilidade de expresar as emocións a través da cor, que inflúe nos artistas do Fauvismo e do Expresionismo. Por isto, Cézanne é un dos pintores postimpresionistas que máis influíu en artistas posteriores, chegando a dicir Picasso: “Cézanne é a nai de todos nós”.